

**TEMPO «PER ANNUM»**



O Domingo primeiro é a festa do Bautismo do Señor: cf. núm. 21.

## DOMINGO II ORDINARIO

64.-

### PRIMEIRA LECTURA

**Fareite luz dos pobos, para que se dea a miña salvación**

Lectura do libro do profeta Isaías 49, 3. 5-6

Díxome o Señor:

«Ti e-lo meu servo, Israel,  
de ti virame a sona.»

«Serei glorificado coa presenza do Señor,  
e o meu Deus será a miña forza.»

Pois agora —fala o Señor

que desde o seo da nai me formou para se-lo seu servo,  
para facer volver onda El a Xacob  
e para que Israel se xunte con El—:

«É moi fácil para ti se-lo meu servo,  
restablecendo as tribos de Xacob  
e facendo volve-los protexidos de Israel,  
pois convértote en luz das nacións,  
e sera-la miña salvación ata o confín da terra.»

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial** Sal 39, 2 e 4ab. 7-8a. 8b-9. 10 (R.: 8a e 9a)

**R.:** Aquí veño, Señor, para face-la túa vontade.

Esperai arelante no Señor:

el volveu cara a min os seus ollos  
e escoitou o meu lamento.

Púxome na boca un cantar novo,  
un himno de loanza ó noso Deus. **R.**

Sacrificios e ofrendas non os queres,  
pero formáchesme uns oídos.  
Non pides holocaustos nin sacrificios de expiación;  
entón eu digo: «Aquí veño». **R.**

No texto do libro está escrito de min  
que debo face-la túa vontade.  
Meu Deus, iso é o que eu quero,  
e o teu mandato está no meu corazón. **R.**

Proclamei a túa xustiza diante da grande asemblea,  
non pechei os meus labios: ben o sabes, Señor. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

### A gracia e a paz para vós de parte de Deus Pai e do Señor Xesús

Lectura do comezo da primeira carta do apóstolo san Paulo ós  
Corintios **1, 1-3**

Paulo, chamado a ser apóstolo de Cristo Xesús pola vontade de Deus, e mailo irmán Sóstenes: á Igrexa de Deus que está en Corinto, ós santificados en Cristo Xesús, chamados a ser santos, cos que en calquera lugar invocan o nome do noso Señor Xesús Cristo, Señor deles e noso, desexámosvos gracia e paz de parte de Deus, noso Pai, e do Señor Xesús Cristo.

Palabra do Señor.

### Aleluia Xn 1, 14a. 12b

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

O Verbo fíxose carne e habitou entre nós;  
a cantos o recibiron déulle-lo poder de seren fillos de Deus.  
Aleluia.

## EVANXEO

**¡Velaí o Año de Deus, o que arrinca o pecado do mundo!**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 1, 29-34

Naquel tempo, vendo Xoán a Xesús, que viña cara a el, dixo:

—«¡Velaí o Año de Deus, o que arrinca o pecado do mundo! Este é de quen eu dixen: “Detrás miña vén un home que pasa diante miña, pois existía primeiro ca min.”

Eu non o coñecía, mais para iso vin eu bautizar con auga: para que se amosara a Israel.»

E Xoán seguiu testemuñando:

—«Eu vin o Espírito baixar do ceo coma unha pomba e pousar enriba del. Eu non o coñecía, pero o que me mandou bautizar con auga, díxome: “Cando véxa-lo Espírito baixar e pousar sobre un, ese é o que bautiza co Espírito Santo.”

E eu vino e dou testemuño de que este é o Fillo de Deus.»

Palabra do Señor.

# DOMINGO III ORDINARIO

67.-

## PRIMEIRA LECTURA

**O pobo viu unha gran luz na Galilea dos xentís**

Lectura do libro do profeta Isaías 8, 23b—9, 3

Así como nun primeiro momento o Señor humillou o país de Zebulón e o país de Naftalí, así no derradeiro glorificará o camiño do mar, a rexión do Xordán, a bisbarra dos xentís.

O pobo, que camiñaba na escuridade,  
viu unha gran luz.

Unha luz brillou sobre os que habitaban  
no país das sombras da Morte.

Multiplicáche-lo xúbilo,  
fixeches grande a ledicia.

Alegráronse coa túa presenza,  
como coa alegría da seitura,  
o mesmo que saltarán de xúbilo  
ó repartiren o botín.

Velaí o xugo da súa carga  
e o varal do seu ombreiro  
—o bastón de quen o oprime—:  
rompíchelos coma o día de Madián.

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 26, 1. 4. 13-14 (R.: 1a)**

**R.:** O Señor é a miña luz e salvación.

O Señor é a miña luz e salvación,  
¿a quen hei de temer?

O Señor é a protección da miña vida,  
¿diante de quen hei tremer? **R.**

Unha cousa lle pido ó Señor,  
 unha soa eu procuro:  
 habitar na casa do Señor  
 tódolos días da miña vida,  
 para gozar da dozura do Señor,  
 e contempla-lo seu templo. **R.**

Eu espero gozar da bondade do Señor  
 na terra da vida.  
 Espera no Señor, procede coma un valente,  
 ten corazón forte, espera no Señor. **R.**

### SEGUNDA LECTURA

**Que vos poñades todos de acordo e que non haxa divisións entre vós**

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

1, 10-13. 17

Irmáns:

Polo nome do noso Señor Xesús Cristo rógovos que vos poñades todos de acordo e que non haxa divisións entre vós; ó contrario, axeitádevos todos nun mesmo espírito e nun mesmo pensamento.

Porque, irmáns, cheguei a saber polos de Cloe que hai discordias entre vós. Refírome a que cada un de vós anda a dicir: «Eu son de Paulo, eu de Apolo, eu de Cefas, eu de Cristo.»

¿Pero é que Cristo está dividido? ¿É que foi Paulo a quen crucificaron por vós? ¿Ou é Paulo o nome no que vos bautizaron?

A min non me mandou Cristo a bautizar, senón a predica-lo Evanxeo; e isto sen habilidades retóricas, para que non quede desvirtuada a eficacia da cruz de Cristo.

Palabra do Señor.

**Aleluia Cf. Mt 4, 23**

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Xesús predicaba o Evanxeo do Reino  
 e curaba tódalas enfermidades do pobo.

Aleluia.

## EVANXEO

### Veuse a Cafarnaúm para que se cumprise o que dixera Isaías

#### + Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 4, 12-23

Cando soubo Xesús que encadearan a Xoán, retirouse a Galilea. Deixando Nazaret, foise establecer en Cafarnaúm, na beira do mar, en terras de Zebulón e Naftalí, para que se cumprise o dito polo profeta Isaías:

Terra de Zebulón, terra de Naftalí,  
camiño do mar na outra ribeira do Xordán.  
Galilea dos pagáns.  
O pobo que xacía na escuridade  
viu unha gran luz:  
Para os que habitaban no escuro país da morte  
brillou unha alborada.»

E desde aquela empezou Xesús a predicar, dicindo:

—«Arrepentídevos, que o Reino dos Ceos xa está aí.»

Camiñando Xesús pola ribeira do mar de Galilea, viu a dous irmáns: Simón, tamén chamado Pedro, e seu irmán Andrés, que estaban largando a rede no mar, pois eran pescadores. Díxolles:

—«Vinde comigo e fareivos pescadores de homes.»

Eles deixaron de contado as redes, e seguírono.

Máis adiante, atopou outros dous irmáns: Santiago e mais Xoán, fillos de Zebedeo, que estaban co seu pai na barca arranxando as súas redes, e tamén os chamou.

Eles coa mesma deixaron a barca e mais a seu pai e seguírono.

Xesús percorría a Galilea enteira ensinando nas sinagogas e anunciando a Boa Nova do Reino, curando canta doenza padecía o pobo.

Palabra do Señor.

---

Ou máis breve:

#### + Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 4, 12-17

Cando soubo Xesús que encadearan a Xoán, retirouse a Galilea. Deixando Nazaret, foise establecer en Cafarnaúm, na beira do mar,



en terras de Zebulón e Naftalí, para que se cumprise o dito polo profeta Isaías:

«Terra de Zebulón, terra de Naftalí,  
camiño do mar na outra ribeira do Xordán.  
Galilea dos pagáns.  
O pobo que xacía na escuridade  
viu unha gran luz:  
Para os que habitaban no escuro país da morte  
brillou unha alborada.»

E desde aquela empezou Xesús a predicar, dicindo:

—«Arrepentídevos, que o Reino dos Ceos xa está aí.»

Palabra do Señor.

---

# DOMINGO IV ORDINARIO

70.-

## PRIMEIRA LECTURA

**Farei que quede no medio de ti un pobo pobre e humilde**

Lectura do libro do profeta Sofonías 2, 3; 3, 12-13

Buscade o Señor tódolos pobres do país,  
que cumpríste-los seus decretos;  
buscade a xustiza, buscade a humildade.

Quizais poidades escondervos no día da ira do Señor.

Farei que quede no medio de ti un pobo pobre e humilde,  
e no Nome do Señor terá o seu refuxio o resto de Israel.

Non farán maldades nin dirán mentiras;  
non se atopará na súa boca lingua mentireira.

Si, eles pacerán e deitaranse sen que ninguén os espante.

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 145, 7. 8-9a. 9bc-10 (R.: Mt 5, 3)**

**R.:** Ditosos os pobres no espírito,  
porque deles é o Reino dos Ceos.

**Ou:**

Aleluia.

O Señor garda por sempre a súa fidelidade:

failles xustiza ós oprimidos  
e dálles pan ós famentos.

O Señor libra os cativos. **R.**

O Señor abre os ollos dos cegos,

o Señor endereita os dobrados,  
o Señor ama os xustos.

O Señor protexe os forasteiros. **R.**

O Señor sostén os orfos e as viúvas,  
 extravía os camiños dos malvados.  
 O Señor reina eternamente,  
 o teu Deus, Sión, por xeracións e xeracións. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

### Deus elixiu os febles do mundo

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

1, 26-31

Irmáns:

Reparade en quen sóde-los chamados: entre vós, mirando as cousas con criterios deste mundo, non hai moitos sabios, nin moitos poderosos, nin moitos da nobreza.

Ó contrario, o que hai de parvo no mundo, iso foi escoller Deus para desconcerta-los sabios; e o que hai de débil no mundo, iso foi escoller Deus para desconcerta-lo poderoso; o plebeo e mailo desprezado, iso foi escoller Deus: o que non é, para anula-lo que é; de xeito que ningún mortal poida campar diante de Deus.

Por El é por quen existides vós en Cristo Xesús, quen se fixo para nós a sabedoría e maila xustiza, a santificación e maila redención que veñen de Deus. E así, como está escrito, «quen está orgulloso, que o estea do Señor.»

Palabra do Señor.

**Aleluia Mt 5, 12a**

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Alegrádevos e reloucade,  
 porque grande será a vosa recompensa nos Ceos.  
 Aleluia.

## EVANXEO

### Ditosos os que teñen espírito de pobres

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 5, 1-12a

Naquel tempo, Xesús, ó ve-la multitude, subiu ó monte, sentouse e achegáronselle os seus discípulos; e el, tomando a palabra, ensinábaos dicíndolles:

- «Ditosos os pobres no espírito,  
porque deles é o Reino dos Ceos.
- Ditosos os que choran,  
porque eles serán consolados.
- Ditosos os sufridos,  
porque eles herdarán a terra.
- Ditosos os famentos e sedentos de xustiza,  
porque eles ficarán fartos.
- Ditosos os misericordiosos,  
porque eles serán tratados con misericordia.
- Ditosos os de corazón limpo,  
porque eles verán a Deus.
- Ditosos os que traballan pola paz,  
porque eles serán chamados fillos de Deus.
- Ditosos os perseguidos por causa da xustiza,  
porque deles é o Reino dos Ceos.

Ditosos vós cando vos aldraxen, persigan e calumnien de calquera xeito pola miña causa; alegrádevos e reloucade, porque grande será a vosa recompensa nos Ceos.»

Palabra do Señor.

# DOMINGO V ORDINARIO

73.-

## PRIMEIRA LECTURA

### A túa luz irromperá coma a mañá

Lectura do libro do profeta Isaías 58, 7-10

Isto di o Señor:

«Reparte o teu pan co famento  
e acolle na túa casa os pobres sen pobo.

Cando véxa-lo espido, vísteo  
e non te escondas da túa propia carne.

Entón resplandecerá a túa luz coma a alba  
e a carne nova da túa ferida brotará logo.

Si, a túa xustiza camiñará diante de ti  
e a gloria do Señor pechará a marcha.

Entón clamarás ó Señor e responderache,  
pediraslle axuda e dirache: “Aquí estou.”

Se apartas do medio de ti o xugo,  
o sinalar co dedo e a palabra mala,  
se lle quitas ó famento a gana que ti sentes,  
e fártala gorxa afluxida,  
entón a túa luz brillará na escuridade  
e a túa tebra será coma o mediodía.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 111, 4-5. 6-7. 8a e 9 (R.: 4a)

R.: O xusto brilla na tebra coma unha luz.

Ou:

Aleluia.

Brilla na tebra coma luz para os homes rectos,  
o que é misericordioso, compasivo e xusto.  
Venturoso aquel que se apiada e presta,  
e goberna os seus bens con xustiza. **R.**

O home xusto endexamais abalará,  
gardarase memoria del para sempre.  
Non terá medo de malas noticias,  
ten firme o corazón e confía no Señor. **R.**

O seu corazón está seguro e nada teme.  
Repartiu con xenerosidade entre os pobres:  
a súa xustiza permanece para sempre,  
erguerá con honor a súa fronte. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

### Anunciéivo-lo misterio de Cristo crucificado

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

2, 1-5

Irmáns:

En canto a min, cando cheguei onda vós, non cheguei exhibindo elocuencia nin saber para anunciárvos-lo misterio de Deus.

Nada pretendín saber entre vós fóra de Xesús Cristo; e Cristo crucificado. E eu presenteime diante vosa con sensación de impotencia e tremendo de medo; e a miña palabra e maila miña predicación non se apoiaban en argumentos persuasivos e sabios, senón que constituían unha demostración do poder do Espírito: todo para que a vosa fe non se apoie na sabedoría dos homes, senón no poder de Deus.

Palabra do Señor.

**Aleluia Xn 8, 12**

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Eu son a luz do mundo, di o Señor;  
quen me segue terá a luz da vida.

Aleluia.

## EVANXEO

## Vós sóde-la luz do mundo

## + Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 5, 13-16

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

—«Vós sóde-lo sal da terra. Pero se o sal se volve insulso, ¿con que se vai salgar? Para nada vale xa, senón para tirar con el e que o pise a xente.

Vós sóde-la luz do mundo. Non se pode agachar unha cidade afincada na cima dun monte.

Tampouco se acende unha lámpada para poñela debaixo da artesa, senón sobre o candeeiro, para que alume a tódolos da casa.

Alume así a vosa luz ós homes, para que, vendo as vosas boas obras, glorifiquen a voso Pai que está nos Ceos.»

Palabra do Señor.

# DOMINGO VI ORDINARIO

76.-

## PRIMEIRA LECTURA

**A ninguén mandou actuar inicualmente**

Lectura do libro do Eclesiástico 15, 16-21 (gr. 15-20)

Se ti queres, podes garda-lo precepto,  
face-la súa vontade é sinal de intelixencia.

Puxo diante de ti o lume e maila auga:  
bota a man ó que prefiras.

Diante de cada home están a vida e a morte:

o que anceie: iso daráselle;

pois grande é a Sabedoría do Señor,

El é potente e egrexio e todo o dexerga.

Os ollos de Deus contemplan as súas criaturas

e El penetra as accións de cadaquén.

Non lle mandou ó home que pecase

nin deu pé ós homes falsos.

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 118, 1-2. 4-5. 17-18. 33-34 (R.: 1b)**

**R.:** Ditosos os que proceden conforme á lei do Señor.

Ditosos os de conducta impecable,

os que proceden conforme á lei do Señor.

Ditosos os que observan os seus mandatos

e o procuran de todo corazón. **R.**

Ti déche-los teus preceptos,

para que se cumbran con esmero.

Que o meu proceder sexa firme

en garda-los teus decretos. **R.**

Faille ben ó teu servo, para que viva

e garde a túa palabra.



Ábreme os ollos para que vexa  
as marabillas da túa lei. **R.**

Amósame, Señor, o camiño dos teu preceptos,  
e seguireino ata a fin.  
Dáme entendemento para observa-la túa lei,  
e gardareina de todo corazón. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

**Deus tiña predestinada unha sabedoría  
antes dos séculos para a nosa gloria**

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

**2, 6-10**

Irmáns:

O que predicamos entre os cultivados é sabedoría, pero non sabedoría deste mundo nin dos xefes preceiros deste mundo.

Nós predicamos unha sabedoría de Deus, misteriosa, que permanecía gardada, que Deus tiña predestinada desde antes dos séculos para a nosa gloria.

Ningún dos xefes deste mundo a coñeceu; pois se a coñecesen, non crucificaban o Señor da Gloria. Pero como está escrito:

«O que o ollo non viu,  
o que o oído non sentiu,  
e o que non pasou pola mente do home:  
iso preparou Deus para os que o aman.»

E a nós revelouno Deus polo Espírito; pois o Espírito esculca todo, mesmo as profundidades de Deus.

Palabra do Señor.

**Aleluia Cf. Mt 11, 25**

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Bendito es ti, Pai, Señor do ceo e mais da terra  
porque reveláche-los misterios do Reino ós humildes.  
Aleluia.

## EVANXEO

**Tal se lle dixo ós antigos; pero eu dígovos**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 5, 17-37

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

—«Non pensedes que vin derroga-la Lei e os Profetas; non vin para derrogar, senón para dar cumprimento.

Porque vos aseguro: mentres non pasen o ceo e maila terra non pasará nin unha letra nin un til da Lei ata que todo se cumpra.

E quen falte a un destes mandamentos máis pequeniños e así llelo ensine a facer ós outros, será declarado o máis pequeno no Reino dos Ceos; pero quen os cumpra e así o ensine, será declarado grande no Reino dos Ceos.

Porque vos aseguro que se a vosa xustiza non é maior cá dos letrados e fariseos, non entraredes no Reino dos Ceos.

Tedes oído que se lles dixo ós vosos devanceiros: “Non matarás”, e quen mate será reo perante o tribunal. Pero eu dígovos: Todo o que se enrabeche co seu irmán será reo perante o tribunal; quen o alcume será reo perante o Sanedrín; e quen o aldraxe será reo do lume do inferno.

Se ó presentare-la túa ofrenda no altar, alí te acordas de que teu irmán ten queixas contra ti, pousa a ofrenda alí mesmo diante do altar, vaite primeiro reconciliar co teu irmán, e logo volve para presenta-la túa ofrenda.

Ponte de acordo canto antes co teu preiteante, mentres ides de camiño; non sexa que te entregue ó xuíz, o xuíz ó garda, e te boten na cadea. Ten por seguro que non sairás de alí ata que deas pagado o derradeiro céntimo.

Tedes oído que foi dito: “Non cometerás adulterio.” Pois eu dígovos: Todo aquel que mira a unha muller casada con desexo, xa cometeu adulterio no seu corazón.

Se o teu ollo dereito che é ocasión de pecado, arríncao e tira con el; que máis che vale que se perda un dos teus membros e non que te boten todo enteiro no inferno. Se a túa man dereita che é ocasión de pecado, córtaa e tira con ela lonxe de ti; que máis che vale que se perda un dos teus membros e non que te boten todo enteiro no inferno.

Ténsevos dito: “Quen repudie á súa muller, déalle acta de repudio.” Pero eu dígovos: Todo o que repudia á súa muller, fóra o caso de estaren malvivindo, expona a ser adúltera e o que case cunha repudiada comete adulterio.

Tamén tedes oído que se lles dixo ós devanceiros: “Non xurarás en falso”, e “cumprira-las promesas feitas con xuramentos ó Señor”.

Pero eu dígovos: Non xuredes nunca: nin polo ceo, que é o trono de Deus; nin pola terra, porque é escano para os seus pés; nin por Xerusalén, que é a cidade do gran Rei. Tampouco xures pola túa cabeza, porque nin sequera lle podes virar branco ou negro un só pelo.

Falade, logo, deste xeito: “Si”, cando é si; “Non”, cando é non; e todo o que pase de aí vén do Malo.»

Palabra do Señor.

*Ou máis breve:*

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo

5, 20-22a. 27-28. 33-34a. 37

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

—«Vos aseguro que se a vosa xustiza non é maior cá dos letrados e fariseos, non entraredes no Reino dos Ceos.

Tedes oído que se lles dixo ós vosos devanceiros: “Non matarás”, e quen mate será reo perante o tribunal.

Pero eu dígovos: Todo o que se enrabeche co seu irmán será reo perante o tribunal.

Tedes oído que foi dito: “Non cometerás adulterio.” Pois eu dígovos: Todo aquel que mira a unha muller casada con desexo, xa cometeu adulterio no seu corazón.

Tamén tedes oído que se lles dixo ós devanceiros: “Non xurarás en falso”, e “cumprira-las promesas feitas con xuramentos ó Señor”. Pero eu dígovos: Non xuredes nunca.

Falade, logo, deste xeito: “Si”, cando é si; “Non”, cando é non; e todo o que pase de aí vén do Malo.»

Palabra do Señor.

# DOMINGO VII ORDINARIO

79.-

## PRIMEIRA LECTURA

**Amara-lo teu próximo coma a ti mesmo**

Lectura do libro do Levítico 19, 1-2. 17-18

Naqueles días, díxolle o Señor a Moisés:

—«Fálalle á comunidade dos fillos de Israel e dilles:

“Sede santos, porque santo son eu, o Señor, o voso Deus.

Non terás odio no corazón ó teu irmán. Reprendera-lo teu próximo, para non cargar co seu pecado.

Non te vingará nin lles terás xenreira ós teus veciños.

Amara-lo teu próximo coma a ti mesmo.

Eu son o Señor.”»

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 102, 1-2 . 3-4. 8 e 10. 12-13 (R.: 8a)**

**R.:** O Señor é misericordioso e clemente.

Alma miña, bendí o Señor

e todo o meu ser, o seu santo nome.

Alma miña, bendí o Señor,

non esqueza-los seus beneficios. **R.**

El perdoa as túas culpas

e sanda as túas doenzas;

rescata a túa vida da morte

e coróate de amor e de tenrura. **R.**

O Señor é misericordioso e clemente,

tardo á ira e rico en mercés.

Non nos trata conforme ós nosos erros

nin nos paga conforme ás nosas culpas. **R.**

Canto dista o nacente do poñente,  
 así arreda de nós as nosas culpas;  
 canto un pai ama os seus fillos,  
 así ama o Señor os que o temen. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

**Todo é voso, vós de Cristo e Cristo de Deus**

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

3, 16-23

Irmáns:

¿Non sabedes que sodes templo de Deus e que o Espírito de Deus habita en vós? Se alguén destrúe o templo de Deus, o Señor destruírao a el. Porque o templo de Deus é sagrado e iso sodes vós.

Que ninguén se engane. Se entre vós hai algún que se crea sabio ó xeito deste mundo, fágase parvo, para volverse sabio de verdade. Porque a sabedoría deste mundo é burremia diante de Deus.

Que está escrito: «El pilla os listos na súa propia astucia.» E tamén: «O Señor coñece os pensamentos dos sabios e sabe que son vans.»

De modo que ninguén alardee apoiado nos homes. Porque todo é voso, certamente: tanto Paulo coma Apolo coma Cefas; tanto o mundo coma a vida e coma a morte; tanto o presente coma o futuro. Todo é voso; pero vós sodes de Cristo e Cristo é de Deus.

Palabra do Señor.

**Aleluia 1 Xn 2, 5**

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Quen garda a Palabra de Cristo,  
 verdadeiramente nel chega á plenitude o Amor de Deus.  
 Aleluia.

## EVANXEO

### Amade os vossos inimigos

#### + Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 5, 38-48

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

—«Tendes oído que se vos dixo: “Ollo por ollo e dente por dente.” Pero eu dígovos: Non opoñades resistencia ó malévolo; mais se alguén che da un lapote na túa meixela dereita, preséntalle a outra.

A quen queira preitear contigo e che leve a túnica, déixalle ir tamén o mantelo; a quen te obrigue a camiñar con el unha milla, acompañao dúas. A quen che pide, dalle; e non lle víre-las costas a quen quere que ti lle fagas préstamo.

Tedes oído que se vos dixo: “Amara-lo teu próximo” e aborrecera-lo teu inimigo. Pero eu dígovos: Amade os vossos inimigos e pregade polos que vos perseguen. Así seredes fillos de voso Pai que está no ceo, que fai saí-lo seu sol sobre os malos e os bos, e chover sobre xustos e inxustos.

Porque, se amáde-los que vos aman, ¿que recompensa ides ter? ¿Non fan o mesmo os publicanos? E se saudades soamente a vossos irmáns, ¿que facedes de máis? ¿Non fan outro tanto os pagáns? Daquela sede bos, como o voso Pai celestial é totalmente bo.»

Palabra do Señor.

# DOMINGO VIII ORDINARIO

82.-

## PRIMEIRA LECTURA

**Non me esquecerei de ti**

Lectura do libro do profeta Isaías 49, 14-15

Sión dixo:

«O Señor non me abandonou, o Señor non se esqueceu de min.»

¿Esquécese unha muller do seu meniño?

¿Non se compadece do fillo das súas entrañas?

Aínda que ela se esqueza, eu non me esquecerei de ti.

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 61, 2-3. 6-7. 8-9ab (R.: 6a)**

**R.:** Soamente en Deus acouga a alma miña.

Soamente en Deus acouga a miña alma,  
del vén a miña salvación.

El é a miña rocha, a miña salvación,  
a miña fortaleza: Xamais serei abalado. **R.**

Soamente en Deus acouga a alma miña,  
del vén a miña esperanza.

El é a miña rocha, a miña salvación,  
a miña fortaleza: Xamais serei abalado. **R.**

Está en Deus a miña salvación e a miña gloria;  
a miña rocha, a miña fortaleza está en Deus.

Pobo seu, afiúnza sempre nel,  
desafoga diante del o corazón. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

### O Señor ha manifesta-los motivos dos corazóns

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

4, 1-5

Irmáns:

Que a xente vexa en nós uns servidores de Cristo e administradores dos misterios de Deus.

Ora, o que se lles pide ós administradores é que sexan de fiar.

A min impórtame moi pouco que me pidades contas vós ou un tribunal humano; nin tan sequera eu me xulgo a min mesmo.

Certo que de nada me remorde a conciencia. Pero non por iso estou xa xustificado: quen me pide contas é o Señor.

De modo que non xulgedes antes de tempo: agardade a que chegue o Señor. Xa se encargará El de sacar á luz os segredos das tebras e de descubri-los motivos dos corazóns. Entón, quen o mereza, recibirá do Señor o seu eloxio.

Palabra do Señor.

**Aleluia** Heb 4, 12

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

A palabra do Señor é viva e dinámica,  
xulga os proxectos e os pensamentos do corazón.

Aleluia.

## EVANXEO

### Non andedes desacougados polo de mañá

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 6, 24-34

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

—«Ninguén pode servir a dous amos, porque ou lle ten lei a un e xenreira a outro, ou ben atende a un e menospreza ó outro.

Non podedes servir a Deus e mailo diñeiro.



Por iso dígovos: non andedes desacougados pola vosa vida (o que ides comer, o que ides beber), nin polo voso corpo (o que ides vestir). ¿Non vale máis a vosa vida cá mantenza, e non vale máis o voso corpo có vestido?

Ollade para as aves do ceo: nin sementan, nin seituran, nin recollen nas arcas e, con todo, son mantidas polo voso Pai celestial. ¿Non valedes vós máis ca elas? E ¿quen de vós, por máis que se angustie, pode engadir un anaco máis ó tempo da súa vida?

E polo vestido ¿por que vos angustiades? Aprendede dos lirios do campo: como medran, e non traballan, nin fían. E asegúrovos que nin Salomón en toda a súa gloria chegou a vestir coma un deles.

Pois se á herba do campo, que hoxe verdea e mañá será botada ó forno, Deus así a viste, ¿canto máis non fará por vós, homes de pouca fe?

Non andedes desacougados dicindo: “¿Que imos comer?” ou: “¿Que imos beber?” ou: “¿Que imos vestir?” Son os pagáns os que andan á busca de todas estas cousas; pois ben sabe o Pai voso celestial que as precisades.

Procurade primeiro o Reino de Deus e maila súa xustiza, e todas estas cousas hánsevos dar de seu. Así que non andedes desacougados polo de mañá; o mañá xa traerá a súa angueira. Cada día ten abondo cos seus pesares.»

Palabra do Señor.

# DOMINGO IX ORDINARIO

85.-

## PRIMEIRA LECTURA

**Velaquí o que vos propoño: bendición e maldición**

Lectura do libro do Deuteronomio 11, 18. 26-28. 32

Díxolle Moisés ó pobo:

—«Constituíde estas palabras miñas coma obxecto das vosas intencións e do voso esforzo, atádeas ó voso pulso coma sinal, e póndeas entre os vosos ollos coma filacteria.

¡Olla! Eu poño diante de vós hoxe bendición e maldición: a bendición, se facedes caso dos mandamentos do Señor, voso Deus, que eu vos mando hoxe; e a maldición, se non facedes caso dos mandamentos do Señor, voso Deus, e vos apartades do camiño que eu vos mando hoxe, marchando tras de deuses estranxeiros que non coñeciadés.

Estate atentos a cumprir tódolos mandamentos e decretos que eu vos poño diante hoxe.»

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 30, 2-3a. 3bc-4. 17 e 25 (R.: 3b)**

**R.:** Sexas para min, Señor, a rocha que me defende.

Abrígame en ti, Señor,

que endexamais me vexa defraudado.

Inclínate cara a min,

ven axiña librame. **R.**

Sexas para min a rocha que me defende,

o forte castelo onde me salve.

Xa que ti e-la miña fortaleza e o meu refuxio,

por mor do teu nome diríxeme e guíame. **R.**

Fai brilla-lo teu rostro para o teu servo,  
 sálvame, pola túa misericordia.  
 Sede fortes e valentes  
 os que esperades no Señor. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

### O home queda xustificado pola fe sen as obras da lei

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos **3, 21-25a. 28**

Irmáns:

Agora, con total independencia da Lei, manifestouse a xustiza de Deus: a que atestaran a Lei e mailos Profetas.

Esta é a xustiza de Deus por medio da fe en Xesús Cristo, para todos e sobre tódolos que cren, porque non hai distinción ningunha: todos pecaron, e carecen da gloria de Deus.

Pero todos quedan xustificados polo don da súa gracia, mediante a redención que se dá en Cristo Xesús, a quen puxo Deus como propiciatorio no seu sangue pola fe.

Pois afirmamos que o home recibe a xustificación pola fe, con independencia das obras da Lei.

Palabra do Señor.

**Aleluia Xn 15, 5**

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Eu son a vide, vos os baceiros, di o Señor;  
 quen permanece en min e eu nel,  
 ese da froito abondoso.

Aleluia.

## EVANXEO

### A casa edificada sobre rocha e a que é edificada sobre area

#### + Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 7, 21-27

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

—«Non todo aquel que me di: “Señor, Señor”, entrará no Reino dos Ceos, senón o que fai a vontade do Pai meu, que está nos ceos.

Moitos hanme dicir naquel día: “¡Señor! ¡Señor!, ¿non profetizamos no teu nome, non botámo-los demos fóra no teu nome, e no teu nome non fixemos moitos milagres?”

Eu entón heilles dicir abertamente: “¡Endexamais vos coñecín: arredádevos de min os que practicáde-lo mal!”

Así pois, todo aquel que escoita estas miñas palabras e as pon en práctica, será semellante a un home asisado, que edificou a súa casa sobre rocha. Caeu a chuvia, viñeron as riadas, sopraron os ventos e bateron na casa aquela, e non se derrubou, porque estaba asentada na rocha.

E todo aquel que escoita estas miñas palabras e non as pon en práctica, será semellante a un home atolado, que edificou a súa casa sobre area. Caeu a chuvia, viñeron as riadas, sopraron os ventos e bateron na casa aquela, e derrubouse, e foi total a súa ruína.»

Palabra do Señor.